LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL

# EVENTOS, NOTICIAS E RECOMENDACIÓNS CULTURAIS **DE LUGO**

**XANEIRO - FEBREIRO 2023**

PROGRAMA **DO 27/01** AO **02/02**

**CONCELLO DE LUGO**
Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

# AXENDA

## VENRES 27/01

- **ACTIVIDADES EN O VELLO CÁRCERE**, programa nas seguintes páxinas
- **19:00 PRESENTACIÓN DO LIBRO** "Unha nova Olanda" de Antón Baamonde - O Vello Cárcere
- **19:00 PRESENTACIÓN DO LIBRO** "Calendario poético" de Xoán Neira – Librería Trama
- **20:30 CICLO LUGO EN DANZA** – "PIONEIRAS + XERACIÓN Z" - Auditorio Municipal Gustavo Freire – Entradas: entradaslugo.es / Ofi ina Municipal de Turismo ata 3 horas antes do comezo / Auditorio desde unha hora e media antes
- **22:00 CONCERTOS** de Amocadura e Ringdown - Club Clavicémbalo
- **22:30 CONCERTO** de Dani Barreiros and Friends – Sala Jagger

## SÁBADO 28/01

- **ACTIVIDADES EN O VELLO CÁRCERE**, programa nas seguintes páxinas
- **12:30 CONTACONTOS** "A princesa que bocexaba a todas horas" – Librería Biblos
- **20:00 TEATRO** – "Asasinato na tenda de roupa" – Ítaca Artes Escénicas
- **22:30 CONCERTO** de "Tesouro" - Club Clavicémbalo
- **22:30 CONCERTO** de John Pollón – Sala Jagger

## DOMINGO 29/01

- **ACTIVIDADES EN O VELLO CÁRCERE**, programa nas seguintes páxinas
- **13:30 CONCERTO** de Dan Millson – Ho! Gruf
- **18:30 TEATRO** – "Musicalmente, concertos para bebés" - Auditorio Municipal Gustavo Freire – Entradas: entradaslugo.es / Ofi ina Municipal de Turismo ata 3 horas antes do comezo / Auditorio desde unha hora e media antes

## XOVES 02/02

- **19:30 CINE CICLO ALEMÁN** – "É gilt dás gesprochene Wort" – V.O.S.E. – O Vello Cárcere – Entrada: gratuíta
- **20:30 TEATRO** – "Cómo hemos llegado hasta aquí" - Auditorio Municipal Gustavo Freire – Entradas: entradaslugo.es / Ofi ina Municipal de Turismo ata 3 horas antes do comezo / Auditorio desde unha hora e media antes




OBRADOIROS
XANEIRO_2023
#MIHL
MIHL
21/22 XANEIRO
MUSEO PAIXÓN MOTOR
slot
28/29 XANEIRO
MUSEO PAIXÓN MOTOR
slot
17:00-19:00
SÁBADOS 4-6 ANOS
DOMINGOS 7-12 ANOS
ANÓTATE CHAMANDO DESDE O MARTES ANTERIOR A CADA OBRADOIRO
982297446






**IMPORTE DAS ENTRADAS: Obras para público adulto | 5 euros**. Desconto do 30% para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG. - **Espectáculos para público familiar | 3 euros**.

**Bono programación público adulto (16 obras): 48 €.**
**Bono programación familiar (10 obras): 20 €.**
**Bono programación 1ª infancia (5 obras): 10 €.**
**Bono programación LED ( 6 obras de xaneiro a xuño): 18 €.**

**FORMA DE ADQUISICIÓN DE ENTRADAS:** A través do portal web **entradaslugo.es** e na Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo de cada función; e no auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.
* As persoas que adquiran a entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

**IMPORTANTE:** Non se permitirá o acceso á sala unha vez comezada a función, nin con comida e bebida. Prohíbese a toma de fotografías e gravación do espectáculo, tanto no que se refire a son coma a imaxe, a excepción dos medios gráficos previamente autorizados.

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

+INFO:
www.lugo.gal

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# PROGRAMACIÓN

12 XANEIRO | 20:30
**O REFUXIADO**
STRACCIATELLA TEATRO

15 XANEIRO | 18:30
**OS FABULOSOS CLEANERS**
MALASOMBRA PRODUCIÓNS

19 XANEIRO | 20:30
**BRAVAS**
ISABEL RISCO

21 XANEIRO | 18:30
**LAIKA**
XIRRIQUITEULA TEATRE

22 XANEIRO | 18:30
**NINJA**
TEATRO GHAZAFELHOS

26 XANEIRO | 20:30
**A NAI**
AMORODIO TEATRO

29 XANEIRO | 16:30 E 18:00
**MUSICALMENTE (CONCERTOS PARA BEBÉS)**
PAULO LAMEIRO

2 FEBREIRO | 20:30
**COMO HEMOS LLEGADO HASTA AQUI**
TEATRO DEL BARRIO

5 FEBREIRO | 18:30
**LA NIÑA DE LAS TRENZAS LA REVÉS**
EL CALLEJÓN DEL GATO

9 FEBREIRO | 20:30
**ALMA DE TIGRE**
ELEFANTE ELEGANTE

12 FEBREIRO | 16:30 E 18:00H.
**Y LAS IDEAS VUELAN**
ANIMAL RELIGION

16 FEBREIRO | 20:30
**ESAS COUSAS MARABILLOSAS**
EMPATÍA TEATRO

19 FEBREIRO | 18:30
**LITTLE NENO DESCOBRE AOS ROLLING STONES**
REIXA PRODUCIÓNS

23 FEBREIRO | 20:30
**SEXPIERTOS**
TANTTAKA TEATROA

26 FEBREIRO | 18:30
**LA FÁBULA DE LA ARDILLA**
COMPANYIA DE COMEDIANTS LA BALDUFA

13 ABRIL | 20:30
**UNHA INIMIGA DO POBO**
TALÍA TEATRO

16 ABRIL | 18:30
**WOMBO COMBO**
GALEATRO

20 ABRIL | 20:30
**HAMELÍN**
REDRUM TEATRO

23 ABRIL | 16:30 E 18:00
**VENTANAS**
TEATRO PARAISO

30 ABRIL | 18:30
**LAS COTTON**
ANITA MARAVILLAS

4 MAIO | 20:30
**PARA ACABAR CON EDDY BELLEGUEULE**
SEÑORA SUPINA

7 MAIO | 16:30 E 18:00
**REDONDO**
CARAMUXO TEATRO

11 MAIO | 20:30
**UN HOTEL DE PRIMEIRA SOBRE O RÍO**
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

14 MAIO | 18:30
**LOS DÍAS AJENOS**
BOB POP E EL TERRAT

18 MAIO | 20:30
**3240**
DEUVE

21 MAIO | 18:30
**O RAPTO DA BEFANA**
OLIVAS NEGRAS

25 MAIO | 20:30
**A MÚSICA NON AMANSA ÁS BESTAS**
LIMIAR TEATRO

1 XUÑO | 20:30
**LOS REMEDIOS**
COMPAÑÍA EX-LIMITE

4 XUÑO | 16:30 E 18:00
**UNIVERS**
ENGRUNA TEATRE

8 XUÑO | 20:30
**THE WITCH**
DIANA SIEIRA

11 XUÑO | 18:30
**ROEDORES**
REDRUM TEATRO

**CICLO LED**

27 XANEIRO | 20:30
**PIONERAS+XERACIÓN Z**
CIA IXA+ALUMNOS CDAN

17 FEBREIRO | 20:30
**XENÉRICA+FUGACES+ PICNIC ON THE MOON**
CIA GLOVO, CIA EXIRE E CIA JÚLIA GODINO I ALEXA MOYA

31 MARZO | 20:30
**DEMENTE**
COMPAÑÍA FRAN SIEIRA

28 ABRIL | 20:30
**FESTINA LENTE**
CIA. VACABURRA

26 MAIO | 20:30
**A IDEA PRIMARIA É ESNAQUIZALO A CABEZADAS**
MARÍA DE LAS LLANDERAS

30 XUÑO | 20:30
**HIDDEN**
COMPAÑÍA LALY AYGUADÉ

27 XANEIRO | 20:30

## PIONERAS+XERACIÓN Z

CIA IXA+ALUMNOS CDAN



**Duración; 15 min + 60 min.**
**Todos os públicos.**

**Sinopse:**
Pioneras é un espectáculo de danza contemporánea contorna á tematica feminista, producida dentro do marco de residencias do festival de danza de Navarra, DNA'20, e producida pola COMPAÑIA iXa xunto co Gobierno de Navarra.
XERACÍON Z, é unha peza corta que o coreógrafo Xián Martinez creou xunto cos a alumnos do último curso do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, que actuarán nesta ocasión como apertura do espectáculo Pioneras.
Por cada respiración, por cada bágoa e por cada pinga de suor.
Pioneiras/Aitzindariak aúna nunha experiencia de danza a infinitos tipos de mulleres, abandera o cliché e destrúe o prexuízo sobre o xénero.
Homenaxea ás pioneiras, as que iniciaron a batalla pola igualdade, acompaña ás que seguen pelexando, e conmemora ás que non tiveron a oportunidade de vencer. Baixo a poética da modelaxe e a natureza, Pioneiras/Aitzindariak introduce á espectadora nun universo de almas fortes e loitadoras, nun mundo único de amor e respecto por cada individuo, busca transformar a individualidade do ser humano na unidade dunha sociedade igualitaria.

# CICLO LED

29 XANEIRO | 16:30 E 18:00

## MUSICALMENTE (CONCERTOS PARA BEBÉS)

PAULO LAMEIRO

**PRIMEIRA INFANCIA**



**Duración; 40 min.**
**Dos 0 aos 3 anos.**

**Sinopse:**
Concertos para bebés É una experiencia única para criaturas de 0 a 3 anos, que descubrirán a música en directo e que a compartirán coa súa familia.
Os concertos teñen como matriz a chamada "música clásica", pero contan cun repertorio de temas tradicionais, de pop-rock e de improvisacións vocais-instrumentais coa participación de todo o público. De Monteverdi a Mozart, do cavaquinho aos didgeridoos. Con intérpretes apaixoados polos bebés, o tempo pasa voando e o concerto acaba nun plis-plas.

2 FEBREIRO | 20:30

## COMO HEMOS LLEGADO HASTA AQUI

TEATRO DEL BARRIO



**Duración; 75 min.**
**Público adulto.**

**Sinopse:**
"Cómo hemos llegado hasta aquí" é un título que oscila entre o " talk show", a autoficción, o panfleto político, a análise social e a viaxe do heroe mitolóxico clásico, que contén desafíos e emocións universais, só que, aquí, o heroe é unha "bollera" de Plasencia obsesionada coa súa nai, que cumpriu corenta (ou máis) sumida na precariedade. A dramaturxia é o resultado dun proceso de investigación con distintas fases e que tamén se nutre da propia experiencia das tres artistas involucradas no proxecto.

5 FEBREIRO | 18:30

## LA NIÑA DE LAS TRENZAS AL REVÉS

EL CALLEJÓN DEL GATO



**Duración; 45 min.**
**A partir dos 3 anos.**

**Sinopse:**
Thana e Deva viven lonxe unha da outra. Thana vive en Mali, máis aló do deserto do Sáhara. Deva vive en Asturias, moi cerca do mar pero non son moi diferentes, até teñen a mesma idade. Unha noite a lúa, como un espello máxico, permítelles coñecerse e falar. Un espectáculo sobre a curiosidade e a imaxinación, sobre comunicarse para comprender outras formas de ver a vida por moi diferentes que nos poidan parecer: outros pobos, outras persoas, o que nos acerca sempre é máis forte que o que nos distancia só temos que deixarnos levar pola curiosidade e non polos prexuízos.

**Premio FETÉN 2021 a mejor adaptación escénica.**
**Premio Territorio violeta, artes escénicas e igualdad.**

9 FEBREIRO | 20:30

## ALMA DE TIGRE

ELEFANTE ELEGANTE



**Duración; 75 min.**
**Público adulto.**

**Sinopse:**
ALMA DE TIGRE é unha ensoñación revelada a partir da historia real de tres irmáns. A memoria, os afectos, a herdanza e o futuro dan corpo á nova creación orixinal do Elefante Elegante que aborda a temática das relacións familiares.
Alma de Tigre evoca a historia duhna familia encerrada nunha casa estartalada a través de cuxas fendas vanse filtrando os segredos do pasado e dunha herdanza envelenada. Os personaxes revélanse contra un mundo do que xa non poden fuxir. Unha nai autoritaria e controladora. Un pai débil e sen coraxe que deixou aos seus fillos nunha situación de desamparo. Á morte da nai, o fillo e as dúas fillas reencóntranse na casa familiar para decidir a súa venda e qué facer coa herdanza. Mais a casa resístese a deixalos marchar.

12 FEBREIRO | 16:30 E 18:00H.

## Y LAS IDEAS VUELAN

ANIMAL RELIGION



**PRIMEIRA INFANCIA**

Duración; 35 min.
A partir dos 2 anos.

**Sinopse:**
Un espectáculo fresco onde poucos obxetos teñen moito protagonismo e pequenos descubrimentos crecen ata se converter en escenas divertidas, fantásticas, cheas de complicidade.
Un espectáculo de circo onde o xogo, a colaboración co público, a luz e a música enlázanse para que cada función resulte unha experiencia diferente.
Animal Religion traballa para innovar o circo e buscar nél novos medios de expresión. Desde o inicio, plantexan un espazo compartido onde a luz, o corpo, o son e a música emerxen á vez creando unha identidade propia.

16 FEBREIRO | 20:30

## ESAS COUSAS MARABILLOSAS

EMPATÍA TEATRO



**Duración; 60 min.**
**Público adulto.**

**Sinopse:**
Esas cousas marabillosas" comeza cando o público vai entrando na sala e é recibido polo actor. Dálles a benvida, axúdaos a se acomodar, e dálles un papeliño que vai xogar no espectáculo. Cando empeza o espectáculo, o público xa leva un cacho dentro del sen sabelo e algúns cun papeliño na man. Cóntase unha historia de case tres décadas que comeza cando... mamá está no hospital: «Fixo unha parvada", di papá, porque: "resúltalle difícil ser feliz".
Esta primeira tentativa de suicidio de mamá fai que o fillo (o protagonista), de sete anos daquela, comece a facer unha lista de todo o que é marabilloso no mundo. Todo polo que vale a pena vivir.
1. Os xeados. 2. As guerras de auga. 3. O primeiro baño do verán. 4. A cor azul. 5. As roupa a cadros. 6. Unha montaña rusa.
Deixa a lista na almofada de mamá co titulo "Todas esas cousas marabillosas"...Mamá leuna, sábese porque corrixiu a ortografía.
Con moitos personaxes e moitas situacións, que se desenvolven ca axuda e a complicidade necesarias do público, constrúese esta peza tenra e emocionante sobre a depresión e ata onde chegamos pola xente a que amamos.
É unha peza tenra, emocionante e divertida.
É unha comedia sobre a depresión e o suicidio
É unha obra que pode cambiarche a vida...e para ben.

17 FEBREIRO | 20:30

## XENÉRICA+FUGACES+ PICNIC ON THE MOON

TEATRO DO ATLÁNTICO



**Duración: 45 min.**
**Todos os públicos.**

**Sinopses:**
XENÉRICA da Cía. Colectivo Glovo – Galiza é un solo que profundiza na natureza feminina máis ancestral e salvaxe que pretende perpetuar a figura das mulleres. É un canto ás mulleres da miña vida, que son xenéricas para a vida de todas. É unha homenaxe ás nais, avoas, sobriñas e irmás, e a todas as féminas que loitaron insaciablemente por protexer e coidar pasando desapercibidas. creada por Colectivo Glovo e interpretada por Esther Latorre.

FUGACES da Cía. Exire – Galiza é unha peza de danza para rúa, espazos efímeros e non convencionais levada a cabo por Estefanía Gómez, acompañada pola voz e música en directo da artista galega Xa`Lum.
PICNIC ON THE MOON da Cía. Júlia Godino i Alexa Moya - Catalunya é un "tableau vivant" de dous individuos no Sur de Francia pasando a tarde nun parque, gozando dun pícnic baixo o sol e da suave brisa que acariña os seus cabelos. Que pasaría se de súpeto repararan en que o sol, en realidade, é unha lámpada e de que esa agradable brisa provén dun ventilador?
Picnic on the Moon naceu dunha imaxe, puramente como punto de partida. Como se movería esta imaxe? Quen a move? É real? A peza explora o contraste entre unha realidade aparentemente perfecta cun interior deserto. Un espazo no que a liña divisoria entre realidade e falsidade difumínase

## CICLO LED



19 FEBREIRO | 18:30

**LITTLE NENO DESCOBRE AOS ROLLING STONES**

REIXA PRODUCIÓNS

**Duración; 45 min.**
**Todos os públicos.**

**Sinopse:**
Un rapaz e o seu osiño de peluche Renato espertan nunha cidade de cor rubí na que vive Mick, un rapaz que quere pintalo todo de negro, en referencia ao clásico Paint It Black.Un espectáculo teatral con música en directo.

## O VELLO CÁRCERE

23 FEBREIRO | 20:30

**SEXPIERTOS**

TANTTAKA TEATROA



**Duración; 70 min.**
**A partir dos 16 anos.**

**Sinopse:**
Din que o corazón de Ana é un dormitorio baleiro. Nico quere tatuarse o seu. Están atrapados nun ascensor e pasarán de ser descoñecidos a amigos. Ben, isto pasou fai tres anos, pero viaxando ao pasado, viviremos no presente o que nos veñan contar. O amor, o sexo, a soidade e os prexuizos da xente serán os temas a tratar.
O xornalista con parálisis cerebral e a vendedora de lambetadas sumida en contradicións, explicarán sen complexo algún as súas vivencias afectivo sexuais para demostrar que cada un de nós, coa súa parálise particular, temos diferentes medos, soños e ilusións. Unha historia de dous amigos, unha historia de crecemento persoal tinxida de humor e dor a partes iguais.



26 FEBREIRO | 18:30

**LA FÁBULA DE LA ARDILLA**

COMPANYIA DE COMEDIANTS LA BALDUFA

**Duración; 50 min.**
**A partir dos 3 anos.**

**Sinopse:**
O gran ourizo vive prácidamente, á sombra dun gran carballo, e coida dos seus, mentres desfruta do seu anaco de mundo. Pero un día, esta paz pertúrbase, pola chegada dun esquío amable, traveso e xoguetón. A súa convivencia non será doada. Descubriremos un ourizo túzaro e protector, e un esquío con ganas de saber e compartir. Este é un espectáculo para pensar, reflexionar e afondar na diferenza e a mestizaxe. O ourizo e o esquío son moi diferentes, pero teñen infinidade de oportunidades para aprender e compartir xuntos.

**Premio FETEN 2022, a la mejor producción.**
**Premio FETEN 2022 al mejor espacio escénico.**


2022
SOCIEDAD FILARMONICA LUGO
2023
concertos
xoves, 22 de setembro
Cuarteto Quiroga
Integral dos Cuartetos de cordas de J. Brahms
no 125 aniversario do seu pasamento (segundo concerto)
sábado, 29 de outubro
Orquestra Barroca de Sevilla (OBS)
Alfonso Sebastián, dirección
Concertos de Brandeburgo de J. S. Bach
sábado, 5 de novembro
Tempus Trío
Trío nº 1 de L. v. Beethoven e Trío nº 2 de F. Schubert
venres, 2 de decembro
Real Filharmonía de Galicia
Birgit Kolar, violín
Rubén Gimeno, dirección
Concerto para violín e orquestra de L. v. Beethoven
e obras de B. Bartók e Unsuk Chin
sábado, 17 de decembro
Vicente Antequera, barítono
Óscar Oliver, piano
Dichterliebe de R. Schumann e outros Lieder
martes, 17 de xaneiro
Cuarteto Gerhard
Cuarteto en sol menor de C. Debussy e Cuarteto nº 5 de D. Shostakóvich
martes, 7 de febreiro
Isabel Villanueva, viola
François Dumont, piano
Obras de R. Schumann, J. Brahms, F. Bridge e Rebecca Clarke
sábado, 4 de marzo
Sergey Malov, violín, violoncello da spalla e dirección
Orquestra Sinfónica Vigo 430
Obras de C. Ph. E. Bach, F. J. Haydn e W. A. Mozart
venres, 10 de marzo
Ilia Papoian, piano
Gañador do V concurso Internacional de piano Cidade de Vigo 2021
Obras de M. Clementi, S. V. Rajmáninov, M. Ravel, N. Médtner e F. Liszt
venres, 14 de abril
Real Filharmonía de Galicia
Novo/a director/a titular da RFG
Programa en preparación
mércores, 3 de maio
Camerata da Orquestra Sinfónica de Galicia
W. Rosinskij, dirección
Dasha Rosinskij Prokopenko, piano
Obras de F. Mendelssohn, W. Rosinskij, J. Sibelius e W. A. Mozart
Círculo de las Artes - 20:00 horas
Deputación de Lugo Cultura
Concello de Lugo
Radio Lugo SER
EL PROGRESO




## Xaneiro 2023

**Xoves 5**



### Cabe García/Carla de Figueiredo Dúo

Noite especial coa que queremos empeza-lo ano acompañados por un magnífico guitarrista (Cabe), recoñecido en toda Galicia, e a fermosa voz de Carla. Recuperan clásicos de *jazz, blues, rhythmn and blues e soul*.

**Venres 6**



### Daydream Sessions

Posta en escena que nace da man do guitarrista Guzmán (tamén coñecido por Sergio Abuín), o tecladista Bluz (tamén coñecido por Adrián Arias) e o batería Decsvs (tamén coñecido por José Angel Sánchez), compositores, ademáis, os tres. Esta formación inspírana, entre outros xéneros, *R&B, soul, jazz, rap e hiphop*. Busca eleva-la experiencia en directo cunha selección de músicos de alto nivel abertos a novas ideas, estilos e colaboracións.

**Sábado 7**

### Ás 22:00 h | Una mesa para dos

Noelia Geada: voz; Pablo Díaz: guitarra.

### Ás 23:15 h | Skintight



Skintight está de volta na cidade co seu son único...
Música *rock* para a mente e o corpo!
Textos provocativos e arranxos elegantes, solos explosivos e voces vibrantes... A marca Skintight. Cancións, orixinais todas, tocadas por Paul Baker, voz e letras; Chiruca Gómez, voz; Jose Vizcaíno, batería; Sergio Abuín, guitarra; Saulo Sause, baixo; Manuel Malheiro, guitarra; Nuno André, guitarra.

**Xoves 12**
**Venres 13**
Dous pases diarios
20:30 e 22:30 h

### Microefectos Dramatúrxicos



*Adáptate, paiaso* de Anxo Manoel
*Nenos roubados* de Elvira Velasco
*Justicia desbocada* de Germán Frasio
*Triunvirato multígamo* de Brian Rodríguez

**Sábado 14**



### DeLope | Presentan o disco: *Mil años*

Jacobo de Lope: guitarra, voz; Borja López: guitarra; Xarly López: baixo; David Taboada: teclados; Rodrigo Muñoz: batería.

**Venres 20**
**Sábado 21**

### Destie Rock Fest | Festival del Rock Lucense

ENTRADA LIBRE



VENRES
Vrásica
Galiryon
Jorobados del Miño

SÁBADO
Mutualistas
Conducto Coloquio
Monsters Flesh

**Xoves 26**

### Impro Curuxán

**Venres 27**




### Amocadura

Repetimos este concerto indefinible, unha idea de Saulo Sause que mostra e demostra músicos de talento, para que o poidades ver, escoitar e gozar aqueles que non o fixestes durante a pandemia nun domingo a mediodía... O permitido no infeliz momento. Sesión musical sorprendente. Paga moito a pena. Avisados estades!

Nacho Samena: piano; Xarly López: baixo; Paul Baker e Iria Estévez: voces; Borja García: batería; Saulo Sause: guitarra



### Ringdown | *Rock* Alternativo

Manu Arroyo: voz
Rubén Mazón: guitarra
Miguel Bello: baixo
Álvaro Gay: batería

**Sábado 29**

### FA CE LA | Presentarán... Algo rico....

Emenda e traduce: Shui Long | saddayakko@gmail.com

Subvencionado con Fondos FEDER
UNIÓN EUROPEA
Unha maneira de facer Europa
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21-22
+ INFO
AGADIC
clubtura
Entradas en: woutick


JAGGER
LIVE
PROGRAMACIÓN ENERO 2023
MALDITOS PENDEJOS
VIERNES 06_ENE. 22:30 H GRATUITO
[ BANDA DE ROCK FERROLANA ]
ON FIRE TRIBUTE TO JIMI HENDRIX
VIERNES 13_ENE. 22:30 H GRATUITO
[ @ONFIREHENDRIXTRIBUTE ]
VIRTUAL PROJECT
VIERNES 20_ENE. 22:30 H GRATUITO
[ COVER BAND A CORUÑA ]
EL ALTAR DEL HOLOCAUSTO
SÁBADO 21_ENE. 22:30 H
ANTICIPADA 15 €
TAQUILLA 18 €
[ POSTROCK INSTRUMENTAL BAND ]
BACK TO... EL PARTICULAR
SÁBADO 21_ENE. 00:30 H GRATUITO
[ DJ ALEX G . 00'S & 10'S MUSIC ]
DANI BARREIROS & FRIENDS
VIERNES 27_ENE. 22:30 H GRATUITO
[ UNA REUNIÓN DE AMIGOS QUE COMPARTEN Y CELEBRAN LA MÚSICA ]
JOHN POLLÓN
SÁBADO 28_ENE. 22:30 H
ANTICIPADA 13 €
TAQUILLA 15 €
[ EL CANTANTE BERCIANO ARRASA ENTRE LOS JÓVENES EN TIKTOK ]
SUNDAY'S SPIRITS DOMINGOS ESPIRITUOSOS
ENERO 16:00 H OPEN
[ PRIDEM'S + JACK DANIEL'S OLD Nº7 APPLE, HONEY + 1888 BRUGAL ]
AVANCE FEBRERO 2023
KISS EXPERIENCE
SALA JAGGER
TODA LA INFO y ENTRADAS
EN NUESTRA NUEVA WEB:
www.salajagger.com
Únete a la Resistencia
RESISTENCIA DESDE 1906



# PROGRAMACIÓN SEMANAL

## O VELLO CÁRCERE

DO MARTES 24 DE XANEIRO AO MÉRCORES 01 DE FEBREIRO DE 2023

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo
982 297 195
vellocarcere@lugo.gal
http://ovellocarceredelugo.gal/

**REDES SOCIAIS**

www.facebook.com/OVelloCarcere
www.instagram.com/ovellocarcere
www.twitter.com/o_vello_carcere

**HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO**

Mañás:
- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

Tardes:
- De domingo a mércores de 17:00 a 20:30 h.
- De xoves a sábado: 17:00 a 22:30 h.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'.
Recomendamos inscrición previa: 982 297 195.

**PÚBLICO XERAL:**
Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra".

- Venres: 18:15h.
- Sábados: 11:15h. e 18:15h.
- Domingos: 18:15h.

**PÚBLICO FAMILIAR:**
Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Domingos: 11:15h.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS PERMANENTES

**'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'**

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

**'ELAS'**

Exposición da investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaba Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Lodeiro.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

**'SERIE AMARILLA'**

Exposición pictórica do artista ourensán **Xaime Quessada** onde narra as guerras que aconteceron nos derradeiros anos da súa vida. A exposición poderá visitarse **ata o 2023.**

**'DIÓXENES – MARÍA FORTES BLANCO'**

Exposición de obra pictórica e escultórica baseada na reconversión de obxectos cotiás e/ou inservibles en composicións que adquiren novos significados. Dióxenes e Duchamp conflúen na obra de María Fortes Blanco dando como resultado mesturas, formas e perspectivas moi diversas que conmoven e conciencian sobre a nosa realidade máis inmediata.

Decembro 2022 – Febreiro 2023

**'A POLBEIRA' – HONORIO**

O artista lucense Honorio presenta nesta mostra o proceso creativo da 'Polbeira', a escultura en bronce que preside a veciña praza da Mosqueira. Trátase dun paseo visual que relata, mediante debuxo e fotografía, o bosquexo, o modelado, a fundición e, finalmente, a instalación da obra resultante.

Do 10 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2023 na planta baixa do bloque de mulleres.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: **'PROGRAMA TÁNDEM'**

O **programa Tándem** pretende promover encontros interculturais que terán lugar de xeito periódico na Biblioteca do Centro. Nestas sesións, dirixidas ao público xeral adulto, as persoas participantes poderán practicar un idioma e vivir a experiencia de coñecer outras culturas de primeira man, mentres divulgan á vez a súa propia.

Os grupos organizaranse segundo os idiomas e intereses das/dos participantes, que serán remitidos a través dun correo a: vellocarcere@lugo.gal. Indicarase ademais o idioma que se quere practicar, a lingua nativa e os temas ou preferencias a tratar.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: **VISITAS ESCOLARES**

Ciclos de Educación Primaria:

- Programa escolar 'Un edificio con boa Memoria' (reserva)

Proposta didáctica arredor das orixes do Cárcere a través da súa arquitectura.

- Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.

Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato:

- Visita guiada ao edificio e á exposición permanente 'O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra' (reserva)
- Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.
- Visita guiada á exposición temporal Serie Amarilla de Xaime Quessada (reserva)
- Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: **'ESPAZO DE LECER'**

O Espazo de Lecer é un servizo innovador de conciliación familiar pensado para que nenas e nenos de idades comprendidas entre os 3 e 8 anos, poidan xogar e aprender nun espazo especialmente deseñado para eles e elas.

Dúas monitoras organizan continuamente diversas actividades que se poñen en práctica, dun modo lúdico e educativo, co obxectivo de que rapazas e rapaces afiancen unha serie de valores, así como conceptos relacionados coa historia do edificio e as exposicións que alberga; a promoción da lingua, a reciclaxe e outras datas sinaladas. O horario deste espazo é os **sábados, domingos e festivos nas seguintes quendas:**

- **Primeira quenda de mañá:** 11:00 - 12:30h.
- **Segunda quenda de mañá:** 12:30 - 14:00h.
- **Primeira quenda de tarde:** 17:30 - 19:00h.
- **Segunda quenda de tarde:** 19:00 - 20:30h.

Os sábados, na primeira e segunda quenda de mañá, realizaranse '**contacontos miúdos**' e os domingos, na primeira quenda de mañá, realizaranse '**cousiñas xeitosas**'.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

**XOVES 26 DE XANEIRO**

Actividade: **ESCRITURA CREATIVA**

Obradoiro que aborda a escritura creativa tanto a partir da historia do Cárcere como arredor de diferentes conceptos literarios.

Público: xeral adulto
Horario: 19:30h. - 20:30h.
Inscricións: 10 persoas

**SÁBADO 28 DE XANEIRO**

Actividade: **CONTACONTOS MIÚDOS: 'O LAPIS MÁXICO DE MALALA'**

Con motivo do Día Escolar da Paz e a Non Violencia contaremos esta historia na que descubriremos quen é Malala Yousafzai. O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: 3-8 anos
Horario: Primeira quenda de mañá (11:00h. - 12:30h.)
Segunda quenda de mañá (12:30 - 14:00h.)
Inscricións: 15 persoas por cada quenda.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

**SÁBADO 28 DE XANEIRO**

Actividade: **CLUB DE LECTURA DE MEMORIA DEMOCRÁTICA 'GREGORIO SANZ'**

Encontros literarios nos que se expoñen e debaten libros e textos sobre a Memoria Democrática.

Público: adultos.
Horario: 12:00h - 13:00h.
Inscricións: 10 persoas

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

**DOMINGO 29 DE XANEIRO**

Actividade: **COUSIÑAS XEITOSAS: DÍA ESCOLAR DA PAZ E A NON VIOLENCIA**

Realización dun pequeno traballo manual con motivo do Día Escolar da Paz e a Non Violencia que se celebrará o 30 de xaneiro.

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: 3-8 anos
Horario: Primeira quenda de mañá (11:00 - 12:30h.)
Inscricións: 15 persoas

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

**LUNS 30 DE XANEIRO**

Actividade: **PEQUEVIÑETISTAS**

Obradoiro infantil de creación de banda deseñada. A través dos fondos da Biblioteca O Vello Cárcere, as participantes poderán ler, analizar e crear as súas propias historietas.

Público: 6-12 anos
Horario: 18:00h. - 19:00h.
Inscricións: 10 persoas

**LUNS 30 DE XANEIRO**

Actividade: **ABRINDO AS PORTAS DO VELLO CÁRCERE**

Actividade que aborda diferentes cuestións e conceptos arredor da arquitectura carcelaria e do conxunto patrimonial de O Vello Cárcere.

Público: xeral adulto
Horario: 19:00h. - 20:00h.
Inscricións: 10 persoas


CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE
PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE
MARTES 31 DE XANEIRO
Actividade: MINIRRELATOS
Obradoiro de escritura e narración oral infantil que pretende desenvolver, mediante dinámicas didácticas e xogos literarios, a creatividade para escribir historias.
Público: 6-12 anos
Horario: 18:00h. - 19:00h.
Inscricións: 10 persoas
MARTES 31 DE XANEIRO
Actividade: CONSTRUÍNDO MEMORIA
Espazo de encontro, reflexión e debate sobre diferentes cuestións relacionadas co concepto de 'memoria'.
Público: xeral adulto
Horario: 19:00h. - 20:00h.
Inscricións: 10 persoas
CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE
EVENTOS
XOVES 26 DE XANEIRO
Actividade: CICLO DE CINE ALEMÁN "SONNENALLEE"
Berlín, ano 70. A Sonnenallee é unha rúa dividida polo Muro na que se atopa un dos postos fronteirizos entre ambas Alemanias. Trata sobre a mocidade, as cancións e bailes prohibidos e sobre o gran amor que todo o cambia.
Horario: 19.30h.
Entrada: de balde, por orde de chegada ata completar aforo.
Lugar: Auditorio.
VENRES 27 DE XANEIRO
Actividade: PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO DE 'UNHA NOVA OLANDA'
Antón Baamonde estará acompañado por Lara Méndez, Ramón Villares e Daniel Hermosilla.
Horario: 19.00h.
Entrada: de balde, por orde de chegada.
Lugar: Auditorio.




No Museo Mihl podes descobrir o pasado arqueolóxico de Lugo, ademáis de facer un percorrido histórico dende a orixe romana da cidade ata os nosos días con recursos audiovisuais e pezas históricas orixinais.

Museo Interactivo da Historia de Lugo
Parque da Milagrosa, Av. Infanta Elena s/n.
982 29 74 46

**www.facebook.com/museomihl**
**www.instagram.com/mihl_museo (@mihl_museo)**
**www.twitter.com/mihl_museo (@mihl_museo)**



MIHL Museo Interactivo da Historia de Lugo

| HORARIOS INVERNO | HORARIOS INVIERNO | WINTER SCHEDULE |
|---|---|---|
| 15 OUTUBRO- 31 MAIO<br>*CONSULTAR HORARIOS ESPECIAIS | 15 OCTUBRE- 31 MAYO<br>*CONSULTAR HORARIOS ESPECIALES | OCTOBER 15th - MAY 31th<br>*CHECK SPECIAL OPENING HOURS |
| LUNS PECHADO<br>(EXCEPTO FESTIVOS) | LUNES CERRADO<br>(EXCEPTO FESTIVOS) | CLOSED ON MONDAY<br>(EXCEPT PUBLIC HOLIDAY) |
| MARTES A VENRES<br>10:00 H - 13:30 H<br>16:00 H - 19:30 H | MARTES A VIERNES<br>10:00 H - 13:30 H<br>16:00 H- 19:30 H | TUESDAY TO FRIDAY<br>10:00 H - 13:30 H<br>16:00 H - 19:30 H |
| SÁBADO/DOMINGO/ FESTIVOS<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H - 19:30 H | SÁBADO/DOMINGO/ FESTIVOS<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H - 19:30 H | SATURDAY/SUNDAY/ PUBLIC HOLIDAY<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H- 19:30 H |
| HORARIOS ESPECIAIS | HORARIOS ESPECIALES | SPECIAL OPENING HOURS |
| NADAL<br>DESDE O 20 DE DECEMBRO ATA O 6 DE XANEIRO<br>LUNS A DOMINGO<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H - 20:30 H<br>PECHADO 24, 25, E 31 DECEMBRO 1 E 6 XANEIRO | NAVIDAD<br>DESDE EL 20 DE DICIEMBRE AL 6 DE ENERO<br>LUNES A DOMINGO<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H - 20:30 H<br>CERRADO 24, 25 Y 31 DICIEMBRE 1 Y 6 ENERO | CHRISTMAS<br>FROM DECEMBER 20th TO JANUARY 6th<br>MONDAY TO SUNDAY<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H- 20:30 H<br>CLOSED ON DECEMBER 24th, 25th, 31th JANUARY 1th, 6th |
| SEMANA SANTA<br>DESDE VÍSPERA DOMINGO DE RAMOS ATA DOMINGO DE RESURRECCIÓN<br>LUNS A DOMINGO<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H - 20:30 H | SEMANA SANTA<br>DESDE VÍSPERA DOMINGO DE RAMOS HASTA DOMINGO DE RESURRECCIÓN<br>LUNES A DOMINGO<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H - 20:30 H | EASTER<br>FROM PALM SUNDAY EVE TO EASTER SUNDAY<br>MONDAY TO SUNDAY<br>10:00 H - 14:00 H<br>16:30 H - 20:30 H |
